



NORMATIVA

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- O acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, no que sexa aplicable.
- Os artigos 40 e 41 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de Medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2024



DOCUMENTACIÓN

IMPRESO DE SOLICITUDE (Formulario ED550B)

- Esta solicitude será única e terá carácter vinculante (Artigo 14.2).
- Débense cubrir todos os datos
- As solicitudes deberán estar asinadas por calquera das persoas proxenitoras, acolledoras ou titoras e constar o consentimento expreso da outra persoa *proxenitora, titora ou acolledora. (Artigo 26.6 e 46)
** No caso de violencia de xénero non é necesaria a sinatura da agresora*
- Presentación da solicitude de admisión: do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos.

Documentación que se debe presentar no Centro para formalizar a solicitude:

- Certificado de matrícula expedido polo centro no que cursa estudos actualmente (excepto novos alumnos 3 anos)
- Formulario normalizado (ED550B).
- Fotocopia do Libro de familia/ certificado de nacemento ou DNI para os novos alumnos de 3 anos.



SOLICITUDES

O IMPRESO DE SOLICITUDE (Formulario ED550B) está dispoñible:

- <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
- No centro escolar
- www.colexiosanpiox.gal



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

PRESENCIAL:

Poderán presentarse no centro no seguinte horario:

Mañás: Consultar horario de atención ao público (www.colexiosanpiox.gal)

Tardes:

- MARTES: 16.00 a 17.00
- MÉRCORES: 15.30 a 17.00
- VENRES: 15.30 a 17.00

Para outros horarios chamen ao centro escolar: 988221127

PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA:

Accedendo á aplicación informática [admisionalumnado](#)

ADMISIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A administración reserva tres postos escolares por unidade, en 4º de educación infantil e 1º de educación primaria, e 1º de ESO.

Na solicitude de admisión deberán manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por atoparse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.

RESOLUCIÓN DO 25 DE FEBREIRO DE 2026, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE FAI PÚBLICO O RESULTADO DO SORTEO AO QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 34 DA ORDE DO 21 DE OUTUBRO DE 2022

Para resolver o empate na puntuación final no curso 2026/2027, terase en conta o número 0,14, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (14/100).

CALENDARIO PROCESO DE ADMISIÓN

CURSO 2026/27

SOLICITAN



→ DO 1 AO 20 DE MARZO

Entrega solicitudes e documentación, no centro elixido en primeiro lugar ou a través da aplicación admisionalumnado

XUSTIFICAN



→ 10 DÍAS HÁBILES DESDE O DÍA 21 MARZO

Do 21 de marzo ata o 13 de abril, ambos incluídos, entrega da documentación xustificativa dos méritos alegados, cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta.

LISTAXE PROVISIONAL



→ O 25 DE ABRIL

O 25 de abril, publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas.

RECLAMAN



→ DO 26 DE ABRIL AO 5 MAIO

Presentación de reclamacións do 26 de abril ao 5 de maio

LISTAXE DEFINITIVA



→ O 15 DE MAIO

O 15 de maio, publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.

MATRÍCULA



→ DO 20 AO 30 DE XUÑO

Formalización da matrícula

*A dirección dos centros públicos e a titularidade dos centros privados concertados remitirán á Xefatura Territorial, no prazo de 2 días hábiles seguintes ao da publicación da relación definitiva, a documentación reflectida no art. 38 da Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG Núm. 212)